

PROBA

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 3 AUXILIARES DE TURISMO PLAN CONCELLOS 2019 SUPOSTO PRÁCTICO

Nome e Apelidos:	Puntuación: _____
DNI:	Sinatura
Teléfono de contacto:	

SUPOSTO PRÁCTICO (6,00 PUNTOS)

Un turista achégase ata a Oficina Municipal de Turismo preguntando sobre o Castro Tecnolóxico e a posibilidade de realizar unha visita guiada polo mesmo. Explica a visita guiada que programarías para este turista e indica os aspectos que sinalarías á hora de facer o percorrido polo edificio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN SUPOSTO PRÁCTICO VISITA GUIADA CASTRO TECNOLÓXICO (6.00 PUNTOS)

- Indica a posibilidade de efectivamente realizar a visita guiada(0,4)
- Indica a posibilidade de acceso a web propia de Turismo (turismo.lalín,gal) e sinala os apartados da mesma onde aparece información específica sobre o edificio. (0,4)
- Indícanse os autores do edificio (Mansilla e Tuñón), data de construción e inauguración. (0,4)

Preguntas específicas sobre a próxima visita guiada

- Remarca a importancia do establecemento de data e horario da visita.(0,4)
- Pregunta polo número de persoas, se é un grupo numeroso ou non e os integrantes do mesmo, se hai algún neno.(0,4)
- No caso de haber algún neno recoméndalle complementar a visita co acceso a castrodeza (0,4)
- Demanda datos de contacto da persoa solicitante da visita, teléfono e email para enviarlle algunha información específica sobre o Castro Tecnolóxico.(0,4)

Explicación da visita guiada

EXTERIOR

- Remarca a importancia da utilización dos tratamentos de cortesía, saúdos, despedida e agradecemento pola visita e mostra de interese polos nosos recursos.(0,4)
- Sinala a ubicación do Castro Tecnolóxico na urbanización do Regueiriño, e o exterior do edificio (praza de Galicia, espazo axardinado e conxunto escultórico exterior, indica o nome do proxecto paisaxístico (Martín Toimil), explica algo das esculturas e /ou autores (Alma de Vento, escultura de Xosé Cuiña, Cartografía da Pedra).(0,4)
- Explica algo do patio central que da entrada ao edificio, da estrutura acristalada e da ubicación de “Castrodeza”.(0,4)

INTERIOR

- Explica a estrutura do edificio por plantas, ausencia de columnas, contraste de cores, elementos interiores. Importante mencionar: a estrutura a semellanza dos castros, escaleira helicoidal, óculo central, a inscrición do nome das 52 parroquias, as figuras (porquiños, Pork Art) móbiles, e se se nomea a réplica do Tímpano de Palmou (e se explica algo sobre o mesmo). (0,4)
- Fala especificamente sobre o Salón de Plenos (revestido de madeira) e Sala de xuntas (acústica especial).(0,4)

AZOTEA

- Fálase da azotea como miradoiro. Indícanse os límites naturais do Concello que se divisan dende este punto : **Serra do Candán ou o Monte Carrio**, ata outros elementos como o **paseo fluvial do río Pontiñas**, o Castro de Donramiro. (0,4)
 - Se se sinalan como referencias de situación da Nacional 525, Silleda, a torre da Igrexa ou o edificio dos Xulgados. (0,4)

Organización, claridade e ortografía da exposición do suposto práctico (0,4)

PREGUNTAS TIPO TEST (4,00 PUNTOS) 0,8 pregunta correcta

1. O Sendeiro de Zobra é o:

- a. PR-G 182
- b. PR-G 185

c. PR-G 188

d. PR-G 189

2. A Feira do Cocido foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia no ano:

a. 1997

b. 2000

c. 2001

d. 1999

3. En que ano foi declarado o Camiño de Santiago itinerario cultural europeo polo Consello de Europa:

a. 1987

b. 1985

c. 1986

d. 1989

4. O recoñecemento do Camiño de Inverno como unha das rutas principais do Camiño de Santiago recóllese na:

a. LEI 5/2016, do 5 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

b. LEI 4/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

c. LEI 4/2016, do 5 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

d. LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

5. A Fraga de Catasós foi declarada Monumento Natural no ano:

a. 1998

b. 1999

c. 2000

d. 2001